Os recursos de modalización na prensa

O emisor dos textos xornalísticos informativos e mixtos, aínda que non empregue a 1ª persoa nin expresións con verbos de entendemento ("considero que...", "penso que...", "a min paréceme..."), pode mostrar a súa actitude en relación co que está a comunicar. Iso é o que entendemos por modalización, o que condiciona o coñecemento que nós, os receptores, teremos da realidade.

Os principais recursos para expresar a subxectividade, o xuízo do emisor, son:

1. Extralingüísticos.

- a **elección como feito noticiable**, dentro da multitude de acontecementos do día, duns contidos fronte a outros desbotados, que non aparecen.
- a **importancia que se lle dá** a un feito, perceptible pola extensión da noticia e o lugar no que se sitúa na páxina do xornal ou na liña do tempo (caso da radio ou da televisión).
- o apoio gráfico con **imaxes suxestivas**. Así, unha mesma noticia sobre este ex-presidente transmitiría impresións distintas segundo fose acompañada de determinada foto das seguintes:

2. Recursos lingüísticos.

Fórmulas principais	Marcas máis usuais
Valoración	- Modalidade oracional desiderativa. ***Ogallá remate*** *o traballo.* - Adxectivos, adverbios de modo e locucións valorativos. Adxectivos como *furibundo, estupendo, grandioso, magnífico, decepcionante, pésimo, cruel...* Adverbios como *lamentablemente, evidentemente, felizmente...* ***Afortunadamente****, é un* ***estupendo*** *traballo.* - Escolla léxica de substantivos e verbos con valor positivo ou negativo. Substantivos como p*rogreso, éxito, logro, fracaso, ridículo...* Verbos como *rebentar, impoñer, triunfar, someterse...* Expresións como *romper con, abrazarse a, é imprescindíbel, é conveniente...* Ten especial importancia o uso de substantivos, adxectivos ou verbos de significado bélico, con connotacións de agresividade: *retagarda, implacable, atacar...* *O traballo foi un* ***éxito****.* - Sufixos diminutivos e aumentativos valorativos. *É un* ***traballiño****.* - Figuras retóricas, como hipérboles, comparacións expresivas... Fixo o traballo **como un paxaro constrúe o niño**
Certeza e dúbida	- Adverbios e locucións de certeza. ***Sen dúbida****, éo.* - Adverbios de dúbida, modalidade oracional dubitativa e uso do subxuntivo. ***Quizais remate. É dubidable que remate*** - Perífrases modais de probabilidade: deber (de) + infinitivo, poder + inf. ***Debe ser*** *complexo.*

Exemplos reais en titulares de prensa:

- Telefónica e Xunta prometen en campaña crear 500 empregos tras **destruíren** 1.600 traballos
- Dimite **por fin** o alcalde de Ourense ao quedar sen apoios
- Volve a movida a Santiago: horas de diversión, moito ruído e un **disparate** de alcol
- **Esmola** de 50€ para desempregad@s con dúas persoas dependentes ao cargo
- **Machetada** á Lei de Dependencia

Dúas noticias con recursos lingüísticos de modalización. Localizádelos?

Denuncia representante municipal

En Kenia a Coca-Cola é máis barata cá auga

Por **Sabuxo** Ás 18:43 do 20 de marzo de 2007 En Noticias



O alcalde adxunto de Nairobi, Waititu Ndungu, denunciou no Parlamento Europeo que a Coca-Cola é máis barata cá auga en Kenia. En todo caso, a maioría da poboación non ten diñeiro nin sequera para comprar un deses refrescos. Ndungu referiuse ademais ao paradoxo de que o seu país está situado xunto ao segundo lago máis grande do mundo, o lago Vitoria, e xunto ao río Nilo.

O representante municipal de Nairobi transladou esta situación aos máis de 600 participantes na primeira Asemblea Mundial dos Representantes Electos e Cidadáns pola Auga (AMECE) no Parlamento Europeo. O obxectivo desta asemblea, que se prolongará ata mañá, é debater e presentar propostas para mellorar o acceso á auga dos máis de 1.100 millóns de persoas que carecen dela.

"Mentres firmas como Coca-Cola ou as empresas de flores consomen gran parte da auga do país, un 80% da poboación carece dela", denunciou outra representante keniana. Lamentablemente, son precisamente as grandes corporacións as que se apropian, a prezos baixos, de toda a auga da rexión.

Rouban cinco mil quilos de xeo de glaciar

O feito ocorreu en Chile, onde a Policía logrou deter o camión que os delincuentes usaban para transportar, en grandes bolsas de plástico, o cargamento.

01 / FEBREIRO / 2012 PABLO DE VALDIVIA, AXENCIA EFE

A policía chilena incautou nun camión frigorífico 5.200 quilos de xeo do glaciar Jorge Montt, produto dun insólito roubo cuxo botín se ía destinar, segundo os primeiros indicios, a arrefriar licores en bares e restaurantes. "É a primeira vez que se denuncia unha situación destas características", asegurou hoxe a Efe o fiscal rexional de Aysén, José Moris.

O caso descubriuse o pasado venres, cando a Corporación Nacional Forestal (Conaf) denunciou a extracción de xeo do glaciar, situado no Parque Nacional Bernardo O'Higgins, na rexión austral de Aysén, sinalou o xefe provincial da Conaf, Piero Caviglio. Ao glaciar só se pode acceder por vía marítima tras catro horas de viaxe desde Caleta Tortel, unha remota vila unida á localidade de Cochrane por 128 quilómetros de estrada sen asfaltar.

Avisados de que o xeo se cargara nun camión en Caleta Tortel, carabineiros da comisaría de Cochrane, a 2.040 quilómetros ao sur de Santiago, dispuxeron un control ás aforas desa localidade para poder revisar o vehículo, no que acharon o indecente botín. Os axentes detiveron o chofer do camión e requisaron o cargamento, que estaba gardado en grandes bolsas de plástico.

Mentres avanza a investigación, o xeo atópase nas pías dunha asociación local de agricultores, que o usarán para regar os seus cultivos afectados pola seca da zona.